



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA DE APOIO Á CAMPAÑA “PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA 2012”

A riqueza máis importante de calquera país é a súa xente, sobre todo a xente nova. En Galicia o consumo de drogas afecta o conxunto da sociedade, en particular a nosa mocidade, o que provoca graves problemas persoais, familiares e sociais.

Por iso, o Parlamento de Galicia quere apoiar as actividades de loita contra a droga na nosa Comunidade Autónoma, como a campaña " Panos brancos contra a droga", promovida pola Fundación Galega contra o Narcotráfico.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2012